

**ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
VILAR DE INFESTA
15 DE OUTUBRO DE 2015**

ORDE DO DIA

- 1 .- Aprobación da acta anterior
- 2 .- Orzamentos participativos 2015.
- 3 .- Actuacións na parroquia.
- 4 .- Varios.

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo ás vinte horas dez minutos, do día quince de outubro do dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes :

- José Carlos Garcia Taibo, representante do PSdeG-PSOE
- Manuel Davila Garcia, representante das asociacións de veciños.
- Cándido Vilaboa Figueroa, representante da comunidade de montes.
- Xabier Balsas Barbeira, representante do BNG.
- Eduardo Rodríguez Loureiro, representante das asociacións de veciños.
- Rubén Costas Fernández, representante de AER.
- Edesio Crespo Loureiro, representante da comisión de festas.
- Alfredo Davila Álvarez, representante das entidades deportivas.
- M^o del Carmen González Monteiro, representante do PP. (incorpórase a xuntanza as 20:45 horas)

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Arturo González Barbeiro, asistidos por mín, M^a Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1 .- Aprobación da Acta anterior.

Sométese á aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o 25 de febreiro de 2015, que é aprobada por unanimidade dos seus membros.

2 .- Orzamentos Participativos 2015.

O presidente do consello toma a palabra e explica os/as asistentes que no ano 2015 non habrá orzamentos participativos e solicita que se vaian programando as obras que podería facerse cos orzamentos do ano que ven.

Edesio Crespo Loureiro pregunta ó presidente si o concello dispón doutro tipo de orzamento para invertir na parroquia.

Arturo González Barbeiro explica que os orzamentos xerais do concello están prorrogados, que para poder dispor dos orzamentos participativos celebrouse un Pleno do concello pero que nesa sesión os diferentes grupos políticos que conforman a Corporación non chegaron a un acordo de reparto dos cartos

Rubén Costas Fernández dí que aínda que non haxa participativos o concello dispón de cartos para obras e que ademáis se poden facer modificacións de crédito e trasladar os cartos da partida dos orzamentos participativos a outras partidas e levar a cabo obras igualmente.

Arturo González Barbeiro explica que para este ano xa non hai marxe de manobra para facer modificacións de crédito.

Edesio Crespo dí que na reunión que se celebrou para constituir os consellos parroquiais estableceuse un reparto lineal dos orzamentos participativos e pregunta porque motivo nestes momentos non pode ser así, haberá algún interés político en que o reparto non sexa lineal?.

Arturo González explica que existen varios criterios que se poden aplicar, entre eles está o lineal , o poboacional.... Ata agora aplicouse o lineal, pero nestes momentos hai grupos políticos que non están dacordo con este tipo de reparto.

Rubén Costas explica que o seu grupo leva catro anos solicitando que se cambien as bases dos consellos e a forma de reparto dos orzamentos participativos porque non lle parecen a máis idónea.

O Presidente explica que non se cambian as bases por dexadez si non que teñen que reunirse todos os grupos implicados e chegar a un acordo.

Xabier Balsas Barbeira dí que o BNG non está dacordo co reparto lineal porque pensan que primerio deberían programarse as obras que se desexan levar a cabo na parroquia e despois, en base a isto, aprobar os orzamentos participativos, e este prantexamento vai en contra do reparto lineal, porque os primeiros anos con estes orzamentos vanse facendo pequenas obras coma instalación de puntos de luz novos, arranxos de muros ou asfaltados.... pero unha vez rematadas estas pequenas obras o que queda por facer require inversións máis fortes, non chegaría co importe dos participativos. Tampouco están dacordo co reparto poboacional, porque isto beneficiaría as parroquias grandes sobre as pequenas e no BNG pensan que hai que potenciar as parroquias pequenas e sobretudo as parroquias que carecen das infraestructuras necesarias, hai que atopar unha fórmula de reparto dos cartos que combine varios criterios e que si se teñen en

conta todas estas variables o BNG estaria totalmente disposto a votar as obras que os veciños desexasen porque é a veciñanza a que realmente coñece as súas necesidades.

José Carlos García Taibo ratifica todo o que dixo o Sr. Balsas.

Edesio Crespo dí que parece que os culpables de non poder dispor dos cartos dos participativos parecen as asociacións, e pensa que o reparto lineal é o máis adecuado porque si se aplica outro tipo de criterio as parroquias grandes levaríanse a maior parte dos cartos e as parroquias pequenas quedarían co sobranse, pasando a ser parroquias de segunda, que os orzamentos participativos os queren precisamente para facer obras pequenas xa que as obras grandes as debería financiar o concello con outro tipo de orzamento e solicitalle os partidos políticos que non poñan trabas o reparto de eses cartos necesarios para as parroquias.

Arturo González Barbeiro contestalle o Sr. Balsas que as obras non se poden programar a priori, sen contar co importe dos participativos, porque si non todas as parroquias pedirían grandes inversións e iso non se podería encuadrar cos orzamentos xerais do concello. E contestalle ó Sr. Crespo que as asociacións non son as culpables de nada, se non que son as perxudicadas de que os políticos non houberan xegado a un acordo, que nas comisións informativas que se celebraron antes do Pleno do Concello os partidos políticos votaron nun sentido e na celebración do Pleno votaron en sentido contrario e non houbo marxe de manobra para cambiar nada.

Rubén Costas Fernández insiste en que se fagan modificacións de crédito para poder empregar eses cartos, e que a súa organización leva tres anos solicitando que se estudie este tema pero que a ningún lle interesa.

Arturo González contestalle que non é que non haxa interés, se non que en algúns consellos parroquiais aínda estase a discutir a súa composición e que chegar a un acordo sobre o reparto é máis difícil. E que si AER non quere o reparto lineal coma propoñe que se reparte os cartos nas posibles modificacións de crédito que solicita?

Rubén Costas dí que é necesario elaborar unhas bases novas dos consellos parroquiais.

Arturo González está dacordo, pero habería que negociar estas bases entre todos os colectivos e os partidos, e dí que o que pasou realmente foi que os partidos non tiveron a suficiente visión de futuro para ver o perxuízo que causaba non ter aprobado estes orzamentos.

Manuel Davila García pregunta se os cartos que este ano non se gastan pasan para os participativos do ano que ven.

O presidente contesta que non, que quedarían de remanente para os presupostos xerais do vindeiro ano.

3.- Acturacións na parroquia.

Xabier Balsas pregunta o presidente si o concello non dispón de cartos para facer pequenas cousas ó marxe dos participativos.

O Presidente contesta que non, os presuposto xerais do concello están prorrogados e hai que adaptarse ó de o ano pasado, e que a realidade é que para este ano as partidas xa están en branco.

Edesio Crespo dille os representantes dos diferentes partidos ali presente grazas polo fraco favor que lle fixeron as parroquias por non ter a visión necesaria para saber a falla que fan estes orzamentos todos os anos.

M^a Carmen González Monteiro dí que en Vilar as obras a facer con cargo os participativos, as decide a asociación de veciños e que os demais colectivos enteranse das cousas na celebración do consello parroquial.

Ao respecto Edesio Crespo dí que se quedaran da celebrar reunións previas os consellos parroquiais pero que estas nunca tiñeron lugar.

Eduardo Rodríguez Loureiro dí que iso non é así, que se celebraron varias reunións e que estaban presentes varias persoas dos componentes do consello parroquial e que tan só en dous consellos parroquiais non se chegaron a celebrar xuntanzas previas.

Arturo González propón, que quitando os partidos políticos, as asociacións representadas no consello parroquial nos fagan chegar as súas propostas, e o concello facendo de mediador, convoque reunións previas para estudialas.

José Carlos García Taibo dí que os representantes políticos tamén deben estar nesas xuntanzas porque se non nos consellos parroquiais non se enterarian de nada.

Arturo González explica que outro xeito de facelo sería enviar as propostas ó concello e este reenvialas os distintos correos das asociacións.

Xabier Balsas opina que non é necesario cos políticos estén presentes nestas reunións previas, porque os que saben o que necesita a parroquia son os seus veciños e os políticos o que teñen que facer é apoialos en todo, e por outra banda estes dispoñen doutro foro onde expresarse coma é o Pleno do concello.

Arturo González opina que os políticos non so deben votar nos consellos se non tamén facer de correa de transmisión entre os seus partidos e os veciños, e instar ó goberno a que se cumpran os acordos establecidos no consello.

O mesmo tempo empra os colectivos a buscar a fórmula máis adecuada para que o funcionamento do consello sexa mais efectivo.

Xabier Balsas pregunta cales foron as últimas actuacións do concello na parroquia.

Cándido Vilaboa, representante da comunidade de montes, e ata o consello anterior presidente deste, explica que se levou a cabo a limpeza de camiños e o mantemento das carreteras, e en canto o saneamento instalouse o de Fixón no 2014.

Xabier Balsas pregunta se existe unha folla de ruta de actuacións na parroquia.

Cándido Vilaboa responde que falta alumeado nalgúns partes, sinalización dos camiños, e pasos de peóns, e en canto o saneamento haberá que rematar o de Pedro o Morto e hai que facer o de Portocabeiro, camiño do Escribano e Tombo de Miguel.

Arturo González dí que se vai a cambiar a sinalización de todo o concello por outra cas mesmas características da que emprega Fomento.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta o presidente que ten previsto facer o Alcalde na parroquia.

Arturo contesta que, nestes momentos, o mantemento

Eduardo Rodríguez dí que o Alcalde non ten intención de invertir nin un só euro na parroquia. En canto o alcantarillado de Pedro o morto manifesta que os veciños non deixan meter os tubos polas súas propiedades e tendrá que negociar o concello a súa posible expropiación.

Edesio Crespo dí que nese caso se pode meter o alcantarillado polo rego, e que habería que facer un proxecto xeral de saneamento para ter unha base para a elaboración do PXOM por esa zona, porque lle parece unha perda de cartos facer o saneamento por zonas que no van a poder desenrolarse dende o Plan Xeral.

Cándido Vilaboa explica cos técnicos do PXOM teñen intención de aumentar as zonas urbanas no Plan Xeral novo e que contaran cos saneamentos xa feitos e abranse viales dende o tramo principal as diferentes zonas urbanizables..

Edesio Crespo propón que unha alternativa para zonas que carecen de saneamento sería que o concello faga fosas sépticas nas propiedades e se encargue de vacialas e os beneficiarios pagarían igualmente o canón, que este método sale máis económico que facer alcantarillados, e dí que a él o que lle interesan son as infraestructuras que potencien a parroquia.

Cándido Vilaboa contesta que o concello non pode facer obras dentro do propiedades privadas.

Alfredo Davila comenta que se fixo un muro en Pedro o Morto que habería que finalizar para ensnuchar o camiño.

Arturo González dí que o arquitecto técnico do concello pasara a ver dito muro.

4.- Varios

Eudocio Crespo comunica que hai en Picamorena unha tubería de recollida de fecais que ten unha perda e habería que arranxar.

Cándido Vilaboa solicita o arranxo dos camiños de San Martiño,, Igrexa, Granxa , Eidos, Tilleiras e Picamorena.

Solicita que se metan os cables na pista polideportiva e se proceda a súa limpeza.

Que se arraxe o alumeado do parque infantil do Galleiro.

E se proceda revisión do alcantarillado, reparación de beirarruas e limpeza da N-555.

Eduardo Rodriguez solicita que o Sr. Alcalde veña a parroquia a falar sobre o PXOM, que exprese cal é a súa idea xeral sobre a parroquia, o que ten pensado sobre os micropolígonos...

Arturo González dí que nestes momentos o PXOM aínda está con planos xerais do municipio, que cando cheguen a 2º fase xa se poderá ver coma poden crecer as parroquias. En referencia os micropolígonos dende o concello se apostaban por eles porque para os grandes polígonos fai falla moito terreo, con unhas características determinadas e no municipio de Redondela parece que non teñen moita cabida.

Eduardo Rodriguez pregunta acerca do polígono do Ameal, coma vai quedar porque estaba previsto coma zona edificable industrial e necesaria alcantarillado.

Arturo González explica que o PXOM se va a elaborar pensando en todo o municipio dunha forma homoxenea, en donde encaixen os desexos da veciñanza, das entidades e da corporación.

E, non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia levantase a sesión, sendo ás vintedous horas quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.